

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Corrección de erros.-Resolución do 31 de outubro de 2002, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se resolve o concurso de traslados do persoal laboral L-01/2002 convocado pola Orde do 18 de xuño.*

No DOG nº 215, do 7 de novembro, publicouse a resolución da Dirección Xeral da Función Pública pola que se resolve o concurso de traslados do persoal laboral da Xunta de Galicia L-01/2002 convocado pola Orde do 18 de xuño.

Advertidos erros na mencionada publicación, cómpre efectua-la seguinte corrección:

No anexo da resolución na páxina 15.645, débese engadir:

Posto: 730.  
Código de posto: ED.C99.40.301.15600.009.  
Denominación: limpador/a.  
Concello: Ortigueira.  
DNI: 76393450.  
Apelidos e nome: Caaveiro Otero, M<sup>a</sup> José.  
Grupo: V.  
Categoría: 11.  
Puntos: 67,05.

No anexo da resolución na páxina 15.648, débese eliminar na asignación das prazas do concurso 1/2002 (resultas):

Posto: 2.607.  
Código de posto: FA.C99.40.102.27001.017.  
Denominación: camareiro/a limpador/a.  
Concello: Lugo.  
DNI: 33827705.  
Apelidos e nome: Díaz Fernández, M<sup>a</sup> Dolores.  
Grupo: V.  
Categoría: 1.  
Puntos: 41,90.

No anexo da resolución na páxina 15.648, débese engadir (resultas):

Posto : 2.596.  
Código de posto: FA.C99.40.401.32001.017.  
Denominación: educador.  
Concello: Ourense.  
DNI: 39964767.  
Apelidos e nome: Castro Paz, Manuela.  
Grupo: II.  
Categoría: 6.  
Puntos: 19,60.

*Corrección de erros.-Resolución do 13 de novembro de 2002, do tribunal designado para cualifica-lo proceso selectivo para o acceso ó corpo facultativo de grao superior (grupo A) escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos da Xunta de Galicia convocado pola Orde do 8 de outubro de 2001 (Diario Oficial de Galicia número 199, do 15 de outubro), sobre a publicación da fase de concurso.*

Advertidos erros no texto da citada resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 224, do 20 de novembro de 2002, cómpre face-la seguinte rectificación:

No anexo onde se recolle a puntuación da fase de concurso dos aspirantes, deberá incluírse:

«Apelidos e nome: López Jato, Raquel.  
DNI: 44810080.  
Total: 0,000.

Apelidos e nome: Maigler Ojea, Mateo.  
DNI: 35310971.  
Total: 0,000».

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 20 de novembro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a resolución do tribunal que xulgará os procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario convocados por ordes do 11 e 16 de xullo de 2002 (Diario Oficial de Galicia do 2 de setembro), quenda especial e quenda das prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas na especialidade de psicoloxía e pedagogía, na que se anuncia a data, a hora e o lugar en que se realizará a proba.*

De acordo coa base común 6 das ordes do 11 e 16 de xullo de 2002 (DOG do 2 de setembro), quenda especial e quenda das prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas na especialidade de psicoloxía e pedagogía, este tribunal, de conformidade coas instrucións da Dirección Xeral de Persoal, acorda o seguinte:

Primeiro.-Os procedementos selectivos terán lugar no instituto de educación secundaria das Fontiñas, sito en Santiago de Compostela (A Coruña), rúa Estocolmo, número 5.

Segundo.-Realizarase en primeiro lugar o procedemento selectivo de acceso pola quenda especial. Rematado este, iniciarase o procedemento pola

quenda de prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas.

Terceiro.-De conformidade coa resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 27 de febreiro de 2002 (DOG do 6 de marzo), a orde de actuación dos aspirantes virá determinada pola orde alfabética do primeiro apelido que comece pola letra S.

Cuarto.-Convócanse para a realización da proba prevista na base común 7 da convocatoria, para o día 9 de decembro de 2002, ás 8 horas, no lugar indicado no punto primeiro, os seguintes opositores:

Salvado López, María	33195367
Sánchez Bolaños, Marta	34216949
Sánchez Estévez, José Antonio	34245397
Seoane Pérez, José Luis	34915088
Solla Bea, José	35215793
Somoza Domuiño, Alejandrina	34699433

Quinto.-Convócanse para a realización da proba prevista na base común 7 da convocatoria, para o día 10 de decembro do 2002, ás 8 horas, no lugar indicado no punto primeiro, os seguintes opositores:

Vázquez Rodríguez, Eudosa	34571478
Veloso Álvarez, Antonio	34596641
Alejo González, José	76560139
Alvarado Rodríguez, José Manuel	34551561
Antas Vidal, Irene Pilar	35226767
Araújo González, Olga	34551767

Sexto.-Os seguintes chamamentos faraos públicos o tribunal, no local no que se realizan as probas, alomenos con 24 horas de antelación.

Sétimo.-Comunicáselles ós aspirantes que non haberá acto de presentación.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2002.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

## ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

*Resolución do 12 de setembro de 2002 pola que se anuncia a convocatoria de prazas de persoal laboral interino para este ente público (topógrafos).*

O Consello de Administración de Portos de Galicia aprobou a actual dotación orzamentaria de persoal na sesión do 27 de febreiro de 2002, e o dito cadro de persoal conta co informe favorable das consellerías da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e de Economía e Facenda.

Nestes momentos é urxente a necesidade de cubrir unha praza de topógrafo para dotar transitoriamente o posto vacante dentro do organigrama do ente públi-

co ata a súa cobertura en propiedade polo vía regulamentaria, sobre a base do artigo 15 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Polo exposto, de conformidade coa Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, o Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público e a Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, e segundo a delegación conferida por acordo do Consello de Administración, do 23 de xullo de 1997 das competencias do artigo 21.3º da Lei 5/1994; resólvese convoca-lo proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal, como persoal laboral interino do ente público Portos de Galicia, de acordo coas seguintes bases da convocatoria

### RESOLVO:

Primeiro.-Autoriza-la selección e contratación de persoal laboral interino para a cobertura de 1 praza de topógrafo.

Segundo.-Aproba-lo gasto correspondente con cargo ó capítulo de persoal, ascendendo as retribucións do persoal contratado á dotación orzamentaria prevista regulamentariamente.

Terceiro.-O proceso de selección realizarase de acordo coas seguintes:

#### Bases da convocatoria

##### 1. Xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir 1 praza de topógrafo.

1.2. O procedemento de selección será o concurso-oposición, cos exercicios, probas, sistemas de cualificación, temario, baremo e relación de méritos que se especifican nestas bases.

1.3. A orde de puntuación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma da puntuación obtida na fase de oposición e na de concurso, non podendo supera-lo proceso selectivo un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas.

1.4. O aspirante ó que lle sexa adxudicada a praza será contratado en réxime laboral interino. A formalización do contrato e a incorporación definitiva dos seleccionados producirase segundo as necesidades de Portos de Galicia.

1.5. En cumprimento das previsións da Lei de normalización lingüística de Galicia, os aspirantes seleccionados que non acrediten, no momento da presentación da documentación necesaria para a súa contratación, a posesión de diploma acreditativo do nivel de perfeccionamento no coñecemento da lingua galega, deberán realiza-los cursos que para o efecto sexan convocados e contén coa homologación da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.